

Manuel M<sup>a</sup> Durán Guillán, voceiro do grupo do Partido Popular neste concello, presenta, para a súa inclusión e debate no vindeira sesión plenaria a seguinte moción relativa á fomentar o empadramento no concello.

CONCELLO DA  
POBRA DO CARAMIÑAL

18 XUN. 2018

Entrada nº: 3609

Saída nº: .....

### Exposición de Motivos:

Nos últimos anos, e en especial dende a crise económica, os municipios españois, sobre todo os de tamaño medio e pequeno, sufriron unha auténtica sangría nos seus censos de poboación. Dos 8125 municipios que ten España, 4995 subsisten con menos de 1000 habitantes. Moitos deles están en risco de desaparecer e na nosa comunidade o envellecemento do censo, así coma as baixas cifras de natalidade, incrementan esta problemática.

Dende a Xunta de Galicia lévanse tomado moitas medidas importantes para contarrestar esta problemática. En 2014 aprobáronse 69 medidas: coma deducións fiscais, o aumento de prazas de garderías en mais de 2000, mais que en anos de Bonanza económica. Mais actual foi a aplicación de imposto cero no rural que beneficiou a 3.500 parroquias, grazas a esta medida os xoves, as familias numerosas e as persoas con discapacidade no pagan o imposto de transmisións patrimoniais nin o imposto sobre actos xurídicos cando deciden mercar unha vivenda de uso habitual situada nunha destas parroquias. A mais recente de todas a estratexia retorna 2020 cunha inversión de preto de 235 millóns de euros para conseguir a volta de mais de 20.000 galegos e galegas que se atopan no exterior.

A Pobra do Caramiñal

2  
No problema demográfico, deben implicarse todas as administracións, dende o ámbito estatal, pasando polo autonómico, polo provincial e polo local. O noso goberno autonómico leva impulsadas medidas neste ámbito, sen embargo non sucede así co ámbito local. Na última lexislatura a Padrón municipal descendeu en 54 persoas, crecendo do ano 2013 ao ano 2014 en 26 persoas grazas o esforzo e a aposta polo sector empresarial da anterior corporación.

Dende que Nos Pobra esta no goberno a perda de poboación no que vai de lexislatura e de 183 persoas, pasando de 9623 en 2015 a 9440 en 2017, e polo que se ve esta tendencia seguira así ante a falla de acción deste equipo de goberno.

Conscientes da importancia que ten esta cuestión, plantexamos o pleno medidas de apoio a natalidade que foron rexeitadas. Creemos que e preciso traballar para xerar emprego, apoiando os sectores produtivo do noso municipio, desenvolver novos nichos de economía, promover oportunidades para os emprendedores, e cantas outras medidas sexan necesarias.

A Pobra do Caramiñal

**Por todo o exposto solicitamos ao pleno da corporación:**

- 3
1. Apoiar os sectores produtivos do noso concello, promovendo o emprendemento, e estudando medidas de apoio fiscais e douto tipo que faciliten estes obxetivos.
  2. Poñer en marcha unha campaña de empadramento facilitando e animando a os veciños que residen no noso concello a empadroarse, difundindo a carta dos servizos públicos municipais, bonificacións ou vantaxes que teñen os empadroados no noso concello.

A Pobra a 18 de Xuño de 2018.

  
Manuel Mª: Durán Guillán

Concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular.

**Sr. Alcalde-Presidente do Concello da Pobra do Caramiñal**